



RÍO SOR

Club de Montaña O Carroucho

7 de Xuño de 2014

O río Sor separa as provincias da Coruña e Lugo que veñen marcadas pola Serra da Faladoira, pasando polos concellos lucenses de Muras, Ourense, O Vicedo, e o coruñés de Mañón. A súa cabeceira fórmase polo Montouto que nace a 620 m. de altitude e o regueiro Foxo que descende de Piocorto na Gañidoira, o Tras da Serra procedente de Rioseco e o Escandaba que nace nas estribacións da Serra da Faladoira ata a súa desembocadura na ría do Barqueiro, tras percorrer 49 km.

A ruta comézámola en Ambosores. Dende a súa igrexa descendemos uns metros pola estrada



para pasar a ponte e seguindo a marxe esquerda do río, por camiños de pescadores e pequenas pontes de madeira para salvar os regueiros que desembocan no río, chegamos a Arganzo, onde aínda funcionan un muíño e unha fábrica de luz, que é como denominan ás pequenas centrais eléctricas que subministraban electricidade ás casas. Dende Arganzo teremos o paso máis complicado da ruta, uns 100 metros están pechados e, segundo o nivel do río, cruzarémolo pola ponte para despois vadealo máis abaixo, o que nos obriga a remangar os pantalóns, ou seguiremos pola beira esquerda esquivando a maleza. Pasado este paso complicado, unhas pasarelas de madeira colgadas da parede e unha ponte facilitannos discorrer polo río, gozando das vistas e as augas cristalinas que por veces se remansan en profundas pozas que invitan ao baño.

Lebrámosvos que esta actividade só inclúe o seguro de transporte

Datos Básicos

- Comezo: Ambosores
- Remate: Augas Caídas
- Distancia lineal: 20 km.
- Duración aproximada: 7 horas
- Dificultade: Media
- Altura máxima: 331 m
- Altura mínima: 177 m
- Acumul.: ↗297 m / ↘399 m

É terra de cabalos salvaxes, raposos, xabaris, lobos e río de saborosas troitas ou reos e o Sor pode presumir de ser un dos escasos ríos galegos que aínda contan con exemplares de salmón atlántico.


Chegamos á área recreativa de Ribeiras do Bispo e tomaremos un refrixerio, para continuar por camiños e sendeiros cubertos de arboredo ata a área recreativa de Cascón, onde as paredes verticais dan paso a unha pequena chaira. Nas áreas recreativas de Ribeiras do Bispo e Cas-

cón podemos contemplar antigos muíños reconvertidos en cabanas para comer, con mesas, bancos e barbacoas para gozar dunha comida ao aire libre.



Seguimos ata Ponte Segade e alí xantaremos, gozando da súa piscina natural e os servizos dunha pequena taberna. Continuaremos o camiño seguindo a marxe esquerda do río, que cruzaremos máis adiante para contemplar a ferverza de Augas Caídas. Neste punto, teremos que retroceder uns metros

para volver cruzar o río por unha ponte que deixaremos atrás. Lévanos directos á base da ferverza, por un sendeiro onde unha pequena pero forte suba nos leva á parte superior da ferverza. Dende o miradoiro co que conta a área recreativa, poderemos visualizar a caída da auga que xera este accidente xeográfico. Tan só quédanos percorrer 800 metros de asfalto para poder chegar onde nos esperará o autobús.



Próxima cita:

**21 a 24 Xuño
Picos de Europa**



O Carroucho
www.carroucho.org